



PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DE OURENSE

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

1.1 CONTEXTUALIZACIÓN.

1.2 MARCO LEGAL.

1.3 LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: CONCEPTO E PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

4.1 PROCEDEMENTO DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS

4.1.1 MEDIDAS ORDINARIAS.

4.1.2 OUTRAS MEDIDAS A TER EN CONTA.

4.2 RELACIÓN DE PROTOCOLOS

4.2.1 PROTOCOLO PAD. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS DA COLABORACIÓN E COORDINACIÓN DE TODO O PERSOAL NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS NA CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓN PRINCIPAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DESEÑADAS PARA O CENTRO.

6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E COS CENTROS EDUCATIVOS.

6.1 MECANISMOS INTERNOS.

6.2 MECANISMOS EXTERNOS.

7. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS/PAIS/TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS SERVIZOS EXTERNOS DO CENTRO.

7.1 COAS FAMILIAS.

7.2 SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE.

8. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

9. ANEXOS.

9.1 ENQUISA DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O **artigo 10 do decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, recolle como concepto:

“O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado”.

1.1. CONTEXTUALIZACIÓN.

O Centro Residencial Docente de Ourense nace como residencia de estudantes da Universidade Laboral de Ourense e comeza a súa andaina no curso escolar 1975-1976. Nela e baixo a dependencia do Ministerio de Traballo, impartíndose estudos de Bacharelato e diversas ramas de Formación Profesional.

En 1981 o Centro é transferido a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. En 1989 divídense dous espazos educativos: un instituto de ensino secundario que conserva o nome orixinal “Universidade Laboral” e un Centro Residencial Docente que oferta aloxamento, manutención e diversas actividades formativas extraescolares ao alumnado de Formación Profesional e Bacharelato.

O Centro está dividido en dous colexios (que teñen cada un tres plantas con 11 habitacións cada unha e capacidade para tres persoas en cada habitación e 1 habitación dobre): Ribeiro, masculino, con capacidade para 99 residentes e 3 bolseiros e Monterrei, feminino, con igual capacidade que o anterior. **A capacidade total do centro na actualidade sería de 204 residentes 198 alumnos/as, máis 6 colaboradores.**

O Centro Residencial Docente considerase un servizo complementario que facilita ao alumnado o acceso a formación postobrigatoria e universitaria. Presta un servizo ao alumnado que non obtén resposta educativa no seu entorno habitual.

Destá forma os beneficiarios do Centro Residencial non só poden escoller entre a oferta formativa que imparte o IES Laboral, senón que poden acceder a todas as ramas e ciclos formativos que se imparten no resto de IES e CIFPs na cidade de Ourense.

1.2. MARCO LEGAL.

- *Constitución de 1978, establece por primeira vez o dereito á educación dos individuos que presentan deficiencias, sexan estas, físicas, psíquicas ou sensoriais.*
- *Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación.*
- *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*
- *Decreto 43/1989, do 2 de marzo, polo que se transforman os Centros de Ensinanzas Integradas en Institutos de Educación Secundaria e Profesional e en Centros Residenciais Docentes.*

- *Orde do 2 de maio de 1989 pola que se regulan os centros residenciais docentes creados polo Decreto 43/1989, do 2 de marzo.*
- *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- *Lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral a infancia e a adolescencia fronte a violencia*
- *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- *Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación profesional e educativa en Galicia.*
- *Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Lei 5/2003 de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.*
- *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.*

1.3. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

A diversidade, é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

▪ **Principios xerais de actuación.**

- ❑ *A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilización e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.*
- ❑ *A atención a diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.*
- ❑ *Nas decisión pedagóxicas, organizativas e de xestión deste centro docente, terase en conta a atención á diversidade.*
- ❑ *As accións preventivas e a detección temperá. Terán carácter prioritario nos centros docentes coma este, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administración ou entidades sen ánimo de lucro.*
- ❑ *Intercambio , tanto por parte do equipo docente e médico se é preciso, como de nais/pais ou titores legais, de toda a información que afecte aos procesos de ensino-aprendizaxe.*
- ❑ *Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.*
- ❑ *A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.*
- ❑ *A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora da calidade educativa.*

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A identificación das diferentes necesidades realizarase dende o comezo do curso académico, empregando os instrumentos e recursos necesarios. Así a avaliación inicial levada a cabo, polo equipo docente, profesional de saúde, así como a información aportada ao Centro por pais/nais, titores legais e o propio alumno/a, é un instrumento fundamental para adaptar as ensinanzas e facilitar a aprendizaxe do alumnado.

O/a profesional médico do Centro Residencial Docente coa colaboración do/da responsable da coordinación no ámbito da Atención a Diversidade, procurará a información dos residentes que requiran medidas de atención á diversidade ao Xefe/a de Residencias. que posteriormente facilitará as directoras dos colexios residenciais dita información. Estes/as profesionais, deberán poñer en común cos/as titores/as que corresponda, a información das características e necesidades, necesarias para o tratamento da súa historia académica e persoal.

Resulta esencial a cooperación das familias e a transmisión de todos aqueles datos que axuden a localizar a intervención mais adaptada a cada situación individual co fin de concretar todas as medidas pedagóxicas que se poidan aplicar no CRD, incluíndo os protocolos que determine o Centro.

Potenciarase a relevancia de aportar toda a documentación pertinente que complemente a información recollida, especialmente aquela relacionada co ámbito da saúde en xeral e a diversidade funcional. Será necesario así mesmo, requirir a colaboración dos diferentes organismos, entidades e profesionais técnicos relacionados ,que poidan optimizar a atencións das necesidades do alumnado residente.

Enténdese por atención a diversidade un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxes, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais do alumnado. Detállanse a continuación **os diferentes aspecto a ter en conta dende a atención á diversidade:**

1. *Estilos e ritmos de aprendizaxe:*

- *Comprensión lectora.*
- *Técnicas de estudo*

2. *Habilidades sociais:* *representan un conxunto de valores ante a igualdade de oportunidades, a non discriminación persoal e social, así como na prevención da violencia de xénero. Así deben levarse a cabo actuacións nos ámbitos de:*

- *Competencia socioemocional*
- *Integración social.*
- *Integración escolar*

Estas actuacións axudaranlle tamén a crear ao alumnado habilidades e competencias ante as medidas correctoras das condutas contrarias a convivencia coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.

3. *Contexto sociofamiliar.*

4. Interese e motivación.

5. Necesidades específicas de apoio educativo. Terán a consideración de alumnado *con necesidades específicas de apoio educativo* os que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar:

- Necesidades educativas especiais que requira por un período da súa escolarización ou o longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas da súa discapacidade ou trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe*
- Situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural. O alumnado que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares, derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos e doutra índole ou ben a combinación de varios dos factores.*
- Altas capacidades intelectuais. Cando manexa un potencial elevado en algunha ou algunhas áreas, de xeito simultáneo, superior ao seu grupo de referencia.*
- Incorporación tardía ao sistema educativo (procedencia estranxeira. Alumnado que presenta necesidades específicas por incorporación tardía ao sistema educativo, debido a procedencia doutros países ou por por diferentes motivos, que fan que a comunidade educativa, debe dar unha resposta prioritaria de actuación.*

6. Estado de saúde.

As alteracións na saúde de longa duración poden repercutir de maneira significativa no benestar xeral das persoas residentes.

Velar por unha axeitada saúde, tanto física coma mental, das persoas residentes facilita a consecución dos obxectivos académicos, e á vez inherentemente sociais, dos principios de funcionamento do centro.

As enfermidades crónicas, especialmente os trastornos mentais pero tamén as afeccións físicas (problemas de mobilidade, alteracións neurocognitivas, carencias sensoriais, cadros con dor, necesidade de controis e/ou administración de medicación frecuentes...etc), poden requirir dunha atención médica individualizada, tanto no tipo de seguimento como na súa frecuencia, en función das características de cada caso e a súa evolución particular.

Polo tanto, faise fundamental en primeiro lugar detectar aqueles problemas de saúde que poidan repercutir no normal desenvolvemento da estadía das persoas residentes no centro, tanto pola súa repercusión individual como pola colectiva. Nesta detección deben colaborar activamente tanto o servizo médico como o equipo educativo, sempre dentro da debida confidencialidade da información de carácter sensible.

En segundo lugar, en función das posibilidades materiais e de persoal do centro, débese deseñar unha estratexia de atención aos casos na que se integren as atencións sanitarias e as educativas segundo sexa preciso en cada caso.

Ao inicio do curso académico, o servizo médico recabará a información de saúde das persoas residentes mediante o mecanismo que se dispoña internamente para tal fin

(formulario interno, entrevista, documentación externa...). Se algún membro do equipo educativo tivese constancia dalgunha alteración de saúde dunha persoa residente comunicaraa ao servizo médico, xunto coas dificultades académicas relevantes que poidan repercutir na evolución da persoa residente.

Durante todo o curso escolar deberá velar pola correcta comunicación e actualización da información vinculada á saúde das persoas residentes mediante o traballo colaborativo coordinado do equipo docente e o servizo médico, tendo como enlace cotiá ás/ós titoras/es pero garantindo o fluxo de información coa persoa responsable da coordinación no ámbito da atención á diversidade e co equipo directivo.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

- *Promover unha educación baseada nos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade.*
- *Conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, facilitándolles unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades.*
- *Promover e fomentar nos estudantes residentes os principios de liberdade, xustiza, convivencia, colaboración e solidariedade no contexto plural da sociedade.*
- *Estimular a responsabilidade individual na súa condición de estudantes e proporcionar un ambiente adecuado de estudo como marco propicio para a súa actividade académica, formación cultural e científica para unha educación integral.*
- *Adoptar medidas que afiancen a acción educativa respondendo ás necesidades do alumnado cunha atención especial aos que presentan dificultades educativas, proporcionando unha resposta de calidade que lle permita acadar un bo desenvolvemento persoal e social.*
- *Informar ao equipo docente do seguimento e das medidas adoptadas para optimizar a acción educativa, mellorando o rendemento académico e minimizando o fracaso escolar dos residentes.*
- *Promover a coordinación, colaboración e información cos/as titores/as así como cos/as directores/as das Residencias para realizar unha correcta aplicación das medidas de atención a diversidade.*
- *Favorecer o intercambio de información co/a profesional médico do Centro para detectar factores que ocasionan problemas de saúde mental e tomar posibles medidas terapéuticas médicas que axuden no benestar xeral das/os estudantes.*
- *Organizar espazos, tempos e recursos co fin de dar unha resposta adecuada ao alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas.*
- *Promover a participación das familias no desenvolvemento integral dos seus fillos/as, con especial fincapé no que respecta ao proceso de ensino-aprendizaxe.*

- *Promover e fomentar a coordinación con distintos organismos ou institucións externas que se relacionan coa actividade do alumnado no CRD de Ourense.*

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Seguindo o **decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade**, considerase a atención á diversidade como: “ conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxes, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”.

4.1 PROCEDEMENTO DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS

4.1.1 MEDIDAS ORDINARIAS.

- Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión do Centro Residencial Docente terase en conta a atención á diversidade.
- Garantir ás persoas con discapacidade os principios recollidos en relación a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario coa implicación do/a profesional médico e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
- Potenciarase estreitamente a acción titorial e orientadora, nos momentos de coordinación e intercambio de información, por parte do profesorado do Centro Residencial Docente.
- Na resposta educativa á diversidade, priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador, atendendo a:
 - *Potenciar medidas de apoio ao proceso de ensino aprendizaxe que favorezan o aproveitamento das habilidades do alumnado.*
 - *Estrutura organizativa do centro e da organización entre o/a responsable de PAD e titores/as en canto a horarios, agrupamento de alumnado e espazos.*
 - *Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade.*
 - *Tempos de estudo dirixidos.*
 - *Programas de habilidades sociais para resolver problemas de relación de cara a unha convivencia positiva.*
- A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais, que dan resposta as necesidades deste alumnado:

- *Coordinación e seguimento co persoal docente dos seus respectivos centros educativos.*
- *Asesoramento de institucións, entidades... que axuden no seu desenvolvemento integral.*
- Promoverase a participación do alumnado na formación específica que oferta o centro a través de relatores e cursos.
- Favorecer a coordinación entre o equipo educativo e os centros educativos para levar a cabo medidas de actuación que axuden na prevención de absentismo e abandono escolar.
- As sesións de avaliación trimestrais servirán tamén de espazo para acordar medidas nas dificultades detectadas no alumnado.
- As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado menor de idade e maior de idade (que o autoricen) recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar. As familias deben colaborar na alerta das circunstancias que impiden o seu desenvolvemento ordinario, así como nos ámbitos referidos a mellora na autonomía, no esforzo, na autoestima e na convivencia.
- A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora calidade educativa.

4.1.2 OUTRAS MEDIDAS A TER EN CONTA.

En relación **á *posibilidade de perda ou non da condición de alumnado do CRD*** regulado pola convocatoria anual, na que se convocan prazas nos centros residenciais docentes de A Coruña, Ourense e Vigo, recollidas no seu articulado: ***causas de perda de praza:***

- *Por baixo rendemento académico (faltas reiteradas de asistencia que dean lugar á perda da avaliación continua en máis do 50 % das materias ou dos módulos) constatado a través do informe da inspección educativa.*
- *Por perda da condición de alumna ou alumno do centro docente.*



Estudiarase cada caso de xeito particular, por parte do equipo docente e polo equipo directivo para tomar unha decisión axeitada a cada casuística.

○ ***Centro Residencia Docente de Ourense*** propón como ***medidas de atención á diversidade a ter en conta para dar resposta a estas situacións:***

- *Ante a situación de enfermidade temporal do alumnado, deberá acreditar informe médico e cantos informes xustifiquen dita causa.*
- *En situación de flexibilización ou adaptación curricular da duración do período de escolarización do centro educativo onde cursa os estudos, documentación acreditativa do mesmo.*

4.2 RELACIÓN DE PROTOCOLOS

4.2.1 PROTOCOLO PAD. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS DA COLABORACIÓN E COORDINACIÓN DE TODO O PERSOAL NA ATENCIÓN Á DIVERSIDAD



- A Xefatura de residencias recibirá a información aportada documentalmente polas persoas residentes e/ou as súas familias durante o proceso de matrícula e comunicará ao/á titor/ra responsable da coordinación no ámbito da Atención a Diversidade e/ou ao servizo médico segundo conveña.
- A colaboración entre o persoal docente é fundamental pois unha vez realizada a entrevista inicial cos/coas residentes, por parte da dirección de residencia e o/a titor/a correspondente, estes, aportarán a información inicial da detección das dificultades académicas ou de situacións que requiran medidas de atención ao/á titor/ra responsable da coordinación no ámbito da atención a diversidade e/ou ao servizo médico segundo se considere.
- Ao inicio do curso académico, o servizo médico recibirá a información de saúde das persoas residentes mediante os mecanismos que se dispoñan internamente para tal fin (formulario interno, entrevista, documentación externa...).
- O/a titor/ra responsable da coordinación no ámbito da atención a diversidade xunto co servizo médico facilitarán toda a información recollida do alumnado que requira medidas de atención á diversidade ao/á Xefe/a de Residencias.
- O/a Xefe/a de Residencias informará aos/ás directores/as dos colexios residenciais das persoas residentes con necesidades de atención á diversidade.
- Os/as Directores/as dos colexios residenciais deberán poñer en común cos/as tutores/as que corresponda, a información das características e necesidades, necesarias para o tratamento da súa historia académica e persoal.
- Por parte do equipo docente potenciarase a colaboración cos centros educativos e de apoio psicopedagóxico que participan no proceso de ensino-aprendizaxe deste alumnado. Tamén pode ser necesaria a colaboración con entidades, tanto públicas como privadas, responsables de atención ás necesidades sociofamiliares, que será levada a cabo polo/a titor/a responsable da coordinación de atención á diversidade. Cando se trate de centros de atención psicoemocional a comunicación será realizada polo servizo médico.
- O servizo de coordinación da orientación desenvolverá a acción tutorial e orientadora para dar resposta ás necesidades do alumnado, no ámbito da atención a diversidade (decreto 229/11 de 7 de decembro).
- Informase ao equipo docente do seguimento e das medias adoptadas para optimizar a acción educativa no campo da atención a diversidade.
- Manterase en todo momento a coordinación entre o equipo directivo, os/as tutores/as e o servizo médico para o seguimento e adopción de medidas socioeducativas e/ou terapéuticas de índole médica que axuden a garantir o benestar xeral das persoas residentes.

- Fomentarase o achegamento das familias e estableceranse canles de comunicación para o seguimento do alumnado, establecendo previamente coordinación entre o equipo docente e , de ser o caso, o servizo médico.
- Organizaranse titorías individuais periódicas co alumnado que presente dificultades de aprendizaxe así como problemas de interacción socioemocional. Estas medidas serán levadas a cabo polo/a responsable de AD en colaboración cos e coas docentes con dispoñibilidade horaria.
- Recibirase e xestionarase a comunicación do persoal docente sobre calquera incidencia ou observación que considere relevante para garantir a convivencia no Centro (Comisión de Convivencia)
- Aproveitaranse as reunións de equipo docente para unificar pautas metodolóxicas, podendo contar cando sexa recomendable coa participación do servizo médico para aquelas cuestións vinculadas coa saúde.
- Promoveranse canles de comunicación con diversos organismos: administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro que atinxen á contorna do alumnado. Poderase contar coa colaboración do servizo médico para as actuacións vinculadas coa saúde.
- Propiciarase un clima de convivencia asertiva, respectuosa coa diversidade para favorecer e fomentar a inclusión dos/as residentes
- Concienciarase á comunidade educativa da importancia do cumprimento das NOFC establecidas no Centro (dereitos e deberes dos residentes).

5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS NA CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS PRINCIPAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DESEÑADAS PARA O CENTRO.

- Colaborar coa dirección do centro en cuestións relacionadas co ámbito da atención a diversidade.
- Avaliación inicial. A principios de curso continuar o seguimento do alumnado do curso anterior e recoller información, canto antes, sobre posibles necesidades detectadas no alumnado de nova incorporación, a través de:
 - Datos recollidos na primeira entrevista que efectúan os/as directores/as.*
 - Entrevistas realizadas polo profesor/a que desempeña a función de orientador/a.*
 - Entrevistas realizadas polo titor/a.*
 - Entrevistas realizadas polo profesional médico.*
 - Entrevistas a pais/nais ou titores legais.*
 - Coordinación cos centros educativos onde cursan os estudos.*
 - Colaboración cos departamentos de orientación dos centros educativos.*
- Concretar as necesidades individuais a través da información recollida , así como da valoración que resulta das entrevistas iniciais realizadas polo profesional de saúde.

- Optimizar os recursos materiais e humanos do centro, para dar resposta e coordinar as medidas de atención a diversidade para o presente curso.
- Deberase potenciar o intercambio, por parte de todo o persoal docente, da información sobre detección de posibles problemas que necesiten de resposta educativa.
- Coordinar en colaboración cos titores/as as actuacións:
 - ❑ *Coordinación cos docentes dos respectivos centros educativos.*
 - ❑ *Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe para adaptarse as necesidades de cada alumno/a.*
 - ❑ *Dispoñibilidade horaria para a atención educativa.*
- Realizar entrevistas persoais cos pais/nais ou titores/as de aqueles alumnos/as que presenten algunha dificultade ou que así o soliciten, por parte do orientador/a do Centro.
- Informar aos pais/nais ou titores/as por escrito e/ou telefonicamente de calquera conducta que vulnere as NOFC.
- Transmitir o apoio do equipo educativo aos familiares e ao alumnado menor de idade e maior que o autorice, así como informar do seguimento do seu rendemento académico. No caso de alumnado maior de idade informarse ao propio alumnado.
- Promover a formación e participación do profesorado en actividades de formación no ámbito da atención a diversidade.

6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E COS CENTROS EDUCATIVOS.

6.1 MECANISMOS INTERNOS.

- Coordinación na actuación entre os profesionais docentes e médico do Centro Residencial Docente para identificar posibles necesidades educativas que axuden ao benestar integral do alumnado.
- Coordinación co equipo directivo para avaliar o Plan de atención a diversidade.
- Acordarase xunto co equipo educativo as medidas de atención a diversidade que se aplicaran durante o curso a través das reunión de coordinación.
- O seguimento e apoio educativo do alumnado de atención a diversidade coordinarase entre o/a responsable de AD e titor/ar. Contando coa colaboración do resto de profesorado que teña dispoñibilidade horaria para realizar o apoio educativo.
- Colaboración e información do seguimento do alumnado aos/as respectivas directores/as das Residencias.
- Valoración trimestral das actuacións levadas a cabo no PXAD na avaliación.

6.2 MECANISMOS EXTERNOS.

- Establecer un seguimento periódico cos centros educativos nos que estuda o noso alumnado co fin de previr posibles problemas académicos e de integración.
- Colaboración co departamento de orientación dos centros educativos.
- Facilitar o intercambio de información entre o CRD e os centros educativos.
- Establecer contactos, de ser o caso, con distintos organismos, institucións....que teñan que ver cos intereses dos residentes.
- Contactar con entidades que ofrecen propostas formativas para ofertar aos residentes
- Implicación e colaboración das familias nos procesos da avaliación inicial.

7. CANLES DE COLABORACIÓN CON PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS SERVIZOS EXTERNOS DO CENTRO.

7.1 COAS FAMILIAS.

Respecto ás familias, o Centro Residencial Docente estará en comunicación coas familias do alumnado para complementar o desenvolvemento adecuado as súas necesidades educativas. Ao comezo de curso as familias deberán ser informadas das canles de comunicación. Estas canles establécense por medio dos mecanismos que o centro habilita para tal fin:

- Xornadas de incorporación do alumnado a principio de curso co acompañamentos das familias.
- Comunicación por correo ordinario
 - *Envío de carta de baixo de rendemento do alumnado.*
- Comunicación directa coas familias por medio de horario de titorías.
- Comunicación telefónica.
- A través da páxina WEB do Centro: <https://crdourense.com/>
- Por medio da aplicación TOKAPP SCHOOL
- Outras redes sociais.

7.2 SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE.

- Centros educativos nos que cursan os estudos o alumnado do Centro Residencial.

- Entidades, institucións ou organismos que colaboren no asesoramento e axuda a dar resposta as necesidades dos residentes.
- Colaboración cos Servizos Sanitarios do entorno do alumnado.

8. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Como xa quedou recollido en apartados anteriores, ao inicio do curso o equipo docente contribuirá na identificación e valoración das necesidades específicas de apoio, con especial colaboración do profesional médico do Centro.

Ao comezo de cada curso escolar o equipo docente colaborará nas aportacións ou modificacións no Plan Xeral de Atención a Diversidade. Sen que isto supoña, unha modificación na súa estrutura.

A dirección do centro incorporará o Plan Xeral de Atención a Diversidade no Proxecto Educativo e nos plans, proxectos ou programas que o conforman.

Nas reunións trimestrais de avaliación analizarase os resultados académicos do alumnado de atención a diversidade. Xunto coas conclusións do seguimento que o médico levou a cabo durante o curso, promoveranse medidas de actuacións que axuden a buscar solucións que melloren o seu rendemento académico.

Ao final de curso o orientador/a elaborará a correspondente memoria do Plan de Atención a Diversidade. Incluindo as valoracións propostas polo equipo educativo e profesional médico que servirán de referente para mellorar a acción educativa do alumnado.

9. ANEXOS.

9.1 ENQUISA DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

CURSO 20... - 20....

1. ANALISE DE ASPECTOS RELACIONADOS CO PROCESO DE ELABORACIÓN DO PAD

INDICADORES		SI	NON
1- Partiu-se da análise da realidade do centro e das necesidades do alumnado.			
2- Establecéronse criterios que garanten a adecuada selección do alumnado neste ámbito.			
3- Serviu o PAD para facer explícitas as medidas ordinarias e extraordinarias.			
4- Os obxectivos propostos adecuáronse ás necesidades detectadas e ás medidas previstas.			
5- Foi adecuada a organización de recursos para atender as necesidades do alumnado.			
6- Tivéronse en conta os distintos sectores implicados na comunidade educativa.			
DIFICULTADES ATOPADAS			
PROPOSTAS DE MELLORA			

--	--

2. VALORACIÓN DE ASPECTOS RELACIONADOS CO DESARROLLO DO PAD

INDICADORES	1	2	3	4
▪ <i>Alcanzáronse os obxectivos propostos</i>				
▪ <i>O PAD dou resposta ás necesidades que se propoñía atender</i>				
▪ <i>A coordinación e participación dos distintos profesionais implicados foi satisfactoria.</i>				
▪ <i>A organización dos recursos foi suficiente.</i>				
▪ <i>O grao de satisfacción dos profesionais que colaboraron foi positivo.</i>				
▪ <i>O grao de satisfacción do alumnado foi favorable</i>				
DIFICULTADES ATOPADAS				
PROPOSTAS DE MELLORA				

3. VALORACIÓN DOS RESULTADOS NOS DISTINTOS ÁMBITOS

INDICADORES	1	2	3	4
1.- Respecto ao alumnado: <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Adecuación á resposta educativa</i> ● <i>Ao crecemento no desenvolvemento persoal e social</i> ● <i>Sensibilización na convivencia</i> 				
2. Respecto ao Centro no ámbito do: <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Planificación conxunta e traballo en equipo</i> ● <i>Na atención individualizada ao alumnado.</i> ● <i>Na mellora da convivencia</i> 				
DIFICULTADES ATOPADAS				
PROPOSTAS DE MELLORA				

Valoración de indicadores: 1 Nada 2 pouco 3 bastante 4 moito